



BOLETÍN OFICIAL DEL ESTADO

ANO CCCXLIV

• XOVES 1 DE XANEIRO DE 2004

• SUPLEMENTO NÚM. 1 EN LINGUA GALEGA

FASCÍCULO SEGUNDO

XEFATURA DO ESTADO

23399 *LEI 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica. («BOE» 304, do 20-12-2003.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

O Real decreto lei 14/1999, do 17 de setembro, sobre sinatura electrónica, foi aprobado co obxectivo de fomenta-la rápida incorporación das novas tecnoloxías de seguridade das comunicacións electrónicas na actividade das empresas, os cidadáns e as administracións públicas. Deste modo, coadxuvábase a potencia-lo crecemento e a competitividade da economía española mediante o rápido establecemento dun marco xurídico para a utilización dunha ferramenta que achega con-



MINISTERIO
DE LA PRESIDENCIA

fianza na realización de transaccións electrónicas en redes abertas como é o caso da internet. O citado real decreto lei incorporou ó ordenamento público español a Directiva 1999/93/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de decembro de 1999, pola que se establece un marco comunitario para a sinatura electrónica, incluso antes da súa promulgación e publicación no Diario Oficial de las Comunidades Europeas.

Trala súa ratificación polo Congreso dos Deputados, acordouse a tramitación do Real decreto lei 14/1999 como proxecto de lei, co fin de sometelo a unha máis ampla consulta pública e ó posterior debate parlamentario para perfecciona-lo seu texto. Non obstante, esta iniciativa decaeu ó expira-lo mandato das Cámaras en marzo de 2000. Esta lei, por tanto, é o resultado do compromiso asumido na VI Lexislatura, actualizando á vez o marco establecido no Real decreto lei 14/1999 mediante a incorporación das modificacións que aconsella a experiencia acumulada desde a súa entrada en vigor tanto no noso país como no ámbito internacional.

II

O desenvolvemento da sociedade da información e a difusión dos efectos positivos que dela derivan esixe a xeneralización da confianza da cidadanía nas comunicacións telemáticas. Non obstante, os datos máis recentes sinalan que aínda existe desconfianza por parte dos intervenientes nas transaccións telemáticas e, en xeral, nas comunicacións que as novas tecnoloxías permiten á hora de transmitir información, constituíndo esta falta de confianza un freo para o desenvolvemento da sociedade da información, en particular, a Administración e o comercio electrónicos.

Como resposta a esta necesidade de conferir-lles seguridade ás comunicacións pola internet xorde, entre outros, a sinatura electrónica. A sinatura electrónica constitúe un instrumento capaz de permitir unha comprobación da procedencia e da integridade das mensaxes intercambiadas a través de redes de telecomunicacións, ofrecendo as bases para evita-lo repudio, se se adoptan as medidas oportunas baseándose en datos electrónicos.

Os suxeitos que fan posible o emprego da sinatura electrónica son os denominados prestadores de servicios de certificación. Para iso expíden certificados electrónicos, que son documentos electrónicos que relacionan as ferramentas de sinatura electrónica en poder de cada usuario coa súa identidade persoal, dándoo así a coñecer no ámbito telemático como asinante.

A lei obriga os prestadores de servicios de certificación a efectuar unha tutela e xestión permanente dos certificados electrónicos que expíden. Os detalles desta xestión débense recoller na chamada declaración de prácticas de certificación, onde se especifican as condicións aplicables á solicitude, expedición, uso, suspensión e extinción da vixencia dos certificados electrónicos. Ademais, estes prestadores están obrigados a manter accesible un servicio de consulta sobre o estado de vixencia dos certificados en que se debe indicar de maneira actualizada se estes están vixentes ou se a súa vixencia foi suspendida ou extinguida.

Así mesmo, débese destacar que a lei define unha clase particular de certificados electrónicos denominados certificados recoñecidos, que son os certificados electrónicos que se expediron cumprindo requisitos cualificados no que se refire ó seu contido, ós procedementos de comprobación da identidade do asinante e á fiabilidade e garantías da actividade de certificación electrónica.

Os certificados recoñecidos constitúen unha peza fundamental da chamada sinatura electrónica recoñecida, que se define seguindo as pautas impostas na Directiva

1999/93/CE como a sinatura electrónica avanzada baseada nun certificado recoñecido e xerada mediante un dispositivo seguro de creación de sinatura. A sinatura electrónica recoñecida outórgalle a lei a equivalencia funcional coa sinatura manuscrita respecto dos datos consignados en forma electrónica.

Por outra parte, a lei contén as garantías que deben ser cumpridas polos dispositivos de creación de sinatura para que poidan ser considerados como dispositivos seguros e conformar así unha sinatura electrónica recoñecida.

A certificación técnica dos dispositivos seguros de creación de sinatura electrónica baséase no marco establecido pola Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, e nas súas disposicións de desenvolvemento. Para esta certificación utilizaranse as normas técnicas publicadas para tales efectos no «Diario Oficial de las Comunidades Europeas» ou, excepcionalmente, as aprobadas polo Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía.

Adicionalmente, a lei establece un marco de obrigas aplicables ós prestadores de servicios de certificación, en función de se estes emiten certificados recoñecidos ou non, e determina o seu réxime de responsabilidade, tendo en conta os deberes de dilixencia que incumben ós asinantes e ós terceiros destinatarios de documentos asinados electronicamente.

III

Esta lei promúlgase para reforza-lo marco xurídico existente incorporando ó seu texto algunhas novidades respecto do Real decreto lei 14/1999 que contribuirán a dinamiza-lo mercado da prestación de servicios de certificación.

Así, revísase a terminoloxía, modifícase a sistemática e simplifícase o texto facilitando a súa comprensión e dotándoo dunha estrutura máis acorde coa nosa técnica lexislativa.

Unha das novidades que a lei ofrece respecto do Real decreto lei 14/1999, é a denominación como sinatura electrónica recoñecida da sinatura electrónica que se equipara funcionalmente á sinatura manuscrita. Trátase simplemente da creación dun concepto novo demandado polo sector, sen que iso implique ningunha modificación dos requisitos substantivos que tanto a Directiva 1999/93/CE como o propio Real decreto lei 14/1999 viñan esixindo. Con iso aclárase que non basta coa sinatura electrónica avanzada para a equiparación coa sinatura manuscrita; cómpre que a sinatura electrónica avanzada estea baseada nun certificado recoñecido e fose creada por un dispositivo seguro de creación.

Así mesmo, é de destacar de maneira particular, a eliminación do rexistro de prestadores de servicios de certificación, que deu paso ó establecemento dun mero servicio de difusión de información sobre os prestadores que operan no mercado, as certificacións de calidade e as características dos produtos e servicios con que contan para o desenvolvemento da súa actividade.

Por outra parte, a lei modifica o concepto de certificación de prestadores de servicios de certificación para outorgar-lle maior grao de liberdade e dar-lle un maior protagonismo á participación do sector privado nos sistemas de certificación e eliminando as presuncións legais asociadas a esta, adaptándose de maneira máis precisa ó establecido na directiva. Así, favorécese a autorregulación da industria, de maneira que sexa esta quen deseñe e xestione, de acordo coas súas propias necesidades, sistemas voluntarios de acreditación destinados a mellora-los niveis técnicos e de calidade na prestación de servicios de certificación. O novo réxime nace desde o convencemento de que os selos de calidade son un instrumento eficaz para convence-los usuarios das vantaxes dos produtos e servicios de certificación electrónica,

resultando imprescindible facilitar e axiliza-la obtención destes símbolos externos para quen os ofrece ó público. Aínda que se recollen fielmente na lei os conceptos de «acreditación» de prestadores de servizos de certificación e de «conformidade» dos dispositivos seguros de creación de sinatura electrónica contidos na directiva, a terminoloxía adaptouse á máis comunmente empregada e coñecida recollida na Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria.

Outra modificación relevante é que a lei clarifica a obriga de constitución dunha garantía económica por parte dos prestadores de servizos de certificación que emitan certificados recoñecidos, establecendo unha contía mínima única de tres millóns de euros, flexibilizando ademais a combinación dos diferentes instrumentos para constituí-la garantía.

Por outra parte, dado que a prestación de servizos de certificación non está suxeita a autorización previa, resulta importante destacar que a lei reforza as capacidades de inspección e control do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, sinalando que este departamento poderá ser asistido de entidades independentes e tecnicamente cualificadas para efectuar os labores de supervisión e control sobre os prestadores de servizos de certificación.

Tamén se debe destaca-la regulación que a lei contén respecto do documento nacional de identidade electrónico, que se erixe nun certificado electrónico recoñecido chamado a xeneraliza-lo uso de instrumentos seguros de comunicación electrónica capaces de conferi-la mesma integridade e autenticidade que a que actualmente rodea as comunicacións a través de medios físicos. A lei limitase a fixa-lo marco normativo básico do novo DNI electrónico poñendo de manifesto as súas dúas notas máis características —acredita a identidade do seu titular en calquera procedemento administrativo e permite a sinatura electrónica de documentos— remitíndose á normativa específica en canto ás particularidades do seu réxime xurídico.

Así mesmo, outra novidade é o establecemento na lei do réxime aplicable á actuación de persoas xurídicas como asinantes, para efectos de integrar estas entidades no tráfico telemático. Vaise así máis alá do Real decreto lei de 1999, que só lles permitía ás persoas xurídicas ser titulares de certificados electrónicos no ámbito da xestión dos tributos. Precisamente, a enorme expansión que tiveron estes certificados no dito ámbito nos últimos anos, sen que iso representase ningún aumento da litixiosidade nin de inseguridade xurídica nas transaccións, aconsellan a xeneralización da titularidade de certificados por persoas morais.

En todo caso, os certificados electrónicos de persoas xurídicas non alteran a lexislación civil e mercantil en canto á figura do representante orgánico ou voluntario e non substitúen os certificados electrónicos que se expidan a persoas físicas nos cales se reflectan as ditas relacións de representación.

Como resortes de seguridade xurídica, a lei esixe, por un lado, unha especial lexitimación para que as persoas físicas soliciten a expedición de certificados; por outro lado, obriga os solicitantes a se responsabilizaren da custodia dos datos de creación de sinatura electrónica asociados ós ditos certificados, todo iso sen prexuízo de que poidan ser utilizados por outras persoas físicas vinculadas á entidade. Por último, de cara a terceiros, limita o uso destes certificados ós actos que integren a relación entre a persoa xurídica e as administracións públicas e ás cousas ou servizos que constitúen o xiro ou tráfico ordinario da entidade, sen prexuízo dos posibles límites cuantitativos ou cualitativos que se poidan engadir. Trátase de conxuga-lo dinamismo que debe presidi-lo uso destes certificados no tráfico coas necesarias doses de prudencia e seguridade para evitar que poidan nacer obrigas incontrolables fronte a terceiros debido

a un uso inadecuado dos datos de creación de sinatura. O equilibrio entre un e outro principio estableceuse sobre as cousas e servizos que constitúen o xiro ou tráfico ordinario da empresa de modo paralelo a como o noso máis que centenario Código de comercio regula a vinculación fronte a terceiros dos actos de comercio realizados polo factor do establecemento.

Coa expresión «xiro ou tráfico ordinario» dunha entidade actualízase a un vocabulario máis acorde cos nosos días o que na lexislación mercantil española se denomina «establecemento fabril ou mercantil». Con iso compréndense as transaccións efectuadas mediata ou inmediatamente para a realización do núcleo de actividade da entidade e as actividades de xestión ou administrativas necesarias para o desenvolvemento desta, como a contratación de subministracións tanxibles e intanxibles ou de servizos auxiliares. Por último, débese recalcar que, aínda que o «xiro ou tráfico ordinario» sexa un termo acuñado polo dereito mercantil, a regulación sobre os certificados de persoas xurídicas non só se lles aplica ás sociedades mercantís, senón a calquera tipo de persoa xurídica que queira facer uso da sinatura electrónica na súa actividade.

Adicionalmente, engádese un réxime especial para a expedición de certificados electrónicos a entidades sen personalidade xurídica ás que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria, para os únicos efectos da súa utilización no ámbito tributario, nos termos que estableza o Ministerio de Facenda.

Por outra parte, seguindo a pauta marcada pola Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico, inclúese dentro da modalidade de proba documental o soporte en que figuran os datos asinados electronicamente, dándolle maior seguridade xurídica ó emprego da sinatura electrónica ó sometela ás regras de eficacia en xuízo da proba documental.

Ademais, débese resaltar que outro aspecto novo da lei é o acollemento explícito que se efectúa das relacións de representación que poden subxacer no emprego da sinatura electrónica. Non cabe dúbida que o instituto da representación está amplamente xeneralizado no tráfico económico, de aí a conveniencia de dotar de seguridade xurídica a imputación á esfera xurídica do representado as declaracións que son cursadas polo representante a través da sinatura electrónica. Para iso, establécese como novidade que na expedición de certificados recoñecidos que admitan entre os seus atributos relacións de representación, esta debe estar amparada nun documento público que acredite de modo que faga fe a dita relación de representación así como a suficiencia e idoneidade dos poderes conferidos ó representante. Así mesmo, prevense mecanismos para asegura-lo mantemento das facultades de representación durante toda a vixencia do certificado recoñecido.

Por último, débese destacar que a lei permite que os prestadores de servizos de certificación poderán, co obxectivo de mellora-la confianza nos seus servizos, establecer mecanismos de coordinación cos datos que preceptivamente deban constar nos rexistros públicos, en particular, mediante conexións telemáticas, para os efectos de verifica-los datos que figuran nos certificados no momento da expedición destes. Os ditos mecanismos de coordinación tamén poderán ter en conta a notificación telemática por parte dos rexistros ós prestadores de servizos de certificación das variacións rexistrais posteriores.

IV

A lei consta de 36 artigos agrupados en seis títulos, 10 disposicións adicionais, dúas disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e tres disposicións derradeiras.

O título I contén os principios xerais que delimitan os ámbitos subxectivo e obxectivo de aplicación da lei, os efectos da sinatura electrónica e o réxime de emprego ante as administracións públicas e de acceso á actividade de prestación de servizos de certificación.

O réxime aplicable ós certificados electrónicos contense no título II, que dedica o seu primeiro capítulo a determinar quen pode se-lo seu titular e a regula-las vicisitudes que afectan a súa vixencia. O capítulo II regula os certificados recoñecidos e o terceiro o documento nacional de identidade electrónico.

O título III regula a actividade de prestación de servizos de certificación establecendo as obrigas a que están suxeitos os prestadores —distinguindo con nitidez as que soamente afectan os que expiden certificados recoñecidos—, e o réxime de responsabilidade aplicable.

O título IV establece os requisitos que deben reuni-los dispositivos de verificación e creación de sinatura electrónica e o procedemento que ten que se seguir para obter selos de calidade na actividade de prestación de servizos de certificación.

Os títulos V e VI dedican o seu contido, respectivamente, a fixa-los réximes de supervisión e sanción dos prestadores de servizos de certificación.

Por último, cerra o texto as disposicións adicionais —que aluden ós réximes especiais que resultan de aplicación preferente—, as disposicións transitorias —que incorporan seguridade xurídica á actividade despregada ó abeiro da normativa anterior—, a disposición derogatoria e as disposicións derradeiras relativas ó fundamento constitucional, a habilitación para o desenvolvemento regulamentario e a entrada en vigor.

Esta disposición foi sometida ó procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas previsto na Directiva 98/34/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño de 1998, pola que se establece un procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas, modificada pola Directiva 98/48/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de xullo de 1998, e no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, polo que se regula a remisión de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e regulamentos relativos ós servizos da sociedade da información.

TÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

1. Esta lei regula a sinatura electrónica, a súa eficacia xurídica e a prestación de servizos de certificación.

2. As disposicións contidas nesta lei non alteran as normas relativas á celebración, formalización, validez e eficacia dos contratos e calquera outro acto xurídico nin as relativas ós documentos en que uns e outros consten.

Artigo 2. *Prestadores de servizos de certificación suxeitos á lei.*

1. Esta lei aplicaráselles ós prestadores de servizos de certificación establecidos en España e ós servizos de certificación que os prestadores residentes ou domiciliados noutro Estado ofrezan a través dun establecemento permanente situado en España.

2. Denomínase prestador de servizos de certificación a persoa física ou xurídica que expide certificados electrónicos ou presta outros servizos en relación coa sinatura electrónica.

3. Entenderase que un prestador de servizos de certificación está establecido en España cando a súa residencia ou domicilio social se atope en territorio espa-

ñol, sempre que estes coincidan co lugar en que estea efectivamente centralizada a xestión administrativa e a dirección dos seus negocios. Noutro caso, atenderase ó lugar en que se realice a dita xestión ou dirección.

4. Considerarase que un prestador opera mediante un establecemento permanente situado en territorio español cando dispoña nel, de forma continuada ou habitual, de instalacións ou lugares de traballo en que realice toda ou parte da súa actividade.

5. Presumirase que un prestador de servizos de certificación está establecido en España cando o dito prestador ou algunha das súas sucursais se inscribise no rexistro mercantil ou noutro rexistro público español en que fose necesaria a inscrición para a adquisición de personalidade xurídica.

A mera utilización de medios tecnolóxicos situados en España para a prestación ou o acceso ó servizo non implicará, por si soa, o establecemento do prestador en España.

Artigo 3. *Sinatura electrónica, e documentos asinados electronicamente.*

1. A sinatura electrónica é o conxunto de datos en forma electrónica, consignados xunto a outros ou asociados con eles, que poden ser utilizados como medio de identificación do asinante.

2. A sinatura electrónica avanzada é a sinatura electrónica que permite identifica-lo asinante e detectar calquera cambio ulterior dos datos asinados, que está vinculada ó asinante de maneira única e ós datos a que se refire e que foi creada por medios que o asinante pode manter baixo o seu exclusivo control.

3. Considérase sinatura electrónica recoñecida a sinatura electrónica avanzada baseada nun certificado recoñecido e xerada mediante un dispositivo seguro de creación de sinatura.

4. A sinatura electrónica recoñecida terá respecto dos datos consignados en forma electrónica o mesmo valor que a sinatura manuscrita en relación cos consignados en papel.

5. Considérase documento electrónico o redactado en soporte electrónico que incorpore datos que estean asinados electronicamente.

6. O documento electrónico será soporte de:

a) Documentos públicos, por estaren asinados electronicamente por funcionarios que teñan legalmente atribuída a facultade de dar fe pública, xudicial, notarial ou administrativa, sempre que actúen no ámbito das súas competencias cos requisitos esixidos pola lei en cada caso.

b) Documentos expedidos e asinados electronicamente por funcionarios ou empregados públicos no exercicio das súas funcións públicas, conforme a súa lexislación específica.

c) Documentos privados.

7. Os documentos a que se refire o punto anterior terán o valor e a eficacia xurídica que corresponda á súa respectiva natureza, de conformidade coa lexislación que lles resulte aplicable.

8. O soporte en que se encontren os datos asinados electronicamente será admisible como proba documental en xuízo. De se impugna-la autenticidade da sinatura electrónica recoñecida, coa que se asinasen os datos incorporados ó documento electrónico, procederase a comprobar que o prestador de servizos de certificación, que expide os certificados electrónicos, cumpre tódolos requisitos establecidos na lei en canto á garantía dos servizos que presta na comprobación da eficacia da sinatura electrónica, e en especial, as obrigas de garantir-la confidencialidade do proceso así como a autenticidade, conservación e integridade da información xerada e a identidade dos asinantes. De se impugna-la autenticidade da sinatura electrónica avanzada, coa que se

asinasen os datos incorporados ó documento electrónico, haberá que atermos ó establecido no punto 2 do artigo 326 da Lei de axuízamento civil.

9. Non se negarán efectos xurídicos a unha sinatura electrónica que non reúna os requisitos de sinatura electrónica recoñecida en relación cos datos ós que esta asociada polo mero feito de se presentar en forma electrónica.

10. Para os efectos do disposto neste artigo, cando unha sinatura electrónica se utilice conforme as condicións acordadas polas partes para relacionarse entre si, terase en conta o estipulado entre elas.

Artigo 4. *Emprego da sinatura electrónica no ámbito das administracións públicas.*

1. Esta lei aplicarase ó uso da sinatura electrónica no seo das administracións públicas, os seus organismos públicos e as entidades dependentes ou vinculadas a elas e nas relacións que manteñan aquelas e estes entre si ou cos particulares.

As administracións públicas, co obxecto de salvagardar as garantías de cada procedemento, poderán establecer condicións adicionais á utilización da sinatura electrónica nos procedementos. As ditas condicións poderán incluír, entre outras, a imposición de datos electrónicos sobre os documentos electrónicos integrados nun expediente administrativo. Enténdese por datos electrónicos o conxunto de datos en forma electrónica utilizados como medio para constata-lo momento en que se efectuou unha actuación sobre outros datos electrónicos ós que están asociados.

2. As condicións adicionais ás que se refire o punto anterior só poderán facer referencia ás características específicas da aplicación de que se trate e deberán garantir-lle o cumprimento do previsto no artigo 45 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Estas condicións serán obxectivas, proporcionadas, transparentes e non discriminatorias e non deberán obstaculizar a prestación de servicios de certificación ó cidadán cando interveñan distintas administracións públicas nacionais ou do Espacio Económico Europeo.

3. As normas que establezan condicións xerais adicionais para o uso da sinatura electrónica ante a Administración xeral do Estado, os seus organismos públicos e as entidades dependentes ou vinculadas a estas ditaranse por proposta conxunta dos ministerios de Administracións Públicas e de Ciencia e Tecnoloxía e logo de informe do Consello Superior de Informática e para o impulso da administración electrónica.

4. A utilización da sinatura electrónica nas comunicacións que afecten a información clasificada, a seguridade pública ou a defensa nacional rexerase pola súa normativa específica.

Artigo 5. *Réxime de prestación dos servicios de certificación.*

1. A prestación de servicios de certificación non está suxeita a autorización previa e realizarase en réxime de libre competencia. Non se poderán establecer restricións para os servicios de certificación que procedan doutro Estado membro do Espacio Económico Europeo.

2. Os órganos de defensa da competencia velarán polo mantemento de condicións de competencia efectiva na prestación de servicios de certificación ó público mediante o exercicio das funcións que teñan legalmente atribuídas.

3. A prestación ó público de servicios de certificación polas administracións públicas, os seus organismos públicos ou as entidades dependentes ou vinculadas a

elas realizarase de acordo cos principios de obxectividade, transparencia e non discriminación.

TÍTULO II

Certificados electrónicos

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 6. *Concepto de certificado electrónico e de asinante.*

1. Un certificado electrónico é un documento asinado electronicamente por un prestador de servicios de certificación que vincula uns datos de verificación de sinatura a un asinante e confirma a súa identidade.

2. O asinante é a persoa que posúe un dispositivo de creación de sinatura e que actúa en nome propio ou en nome dunha persoa física ou xurídica á cal representa.

Artigo 7. *Certificados electrónicos de persoas xurídicas.*

1. Poderán solicitar certificados electrónicos de persoas xurídicas os seus administradores, representantes legais e voluntarios con poder bastante para estes efectos. Os certificados electrónicos de persoas xurídicas non poderán afectar-lle o réxime de representación orgánica ou voluntaria regulado pola lexislación civil ou mercantil aplicable a cada persoa xurídica.

2. A custodia dos datos de creación de sinatura asociados a cada certificado electrónico de persoa xurídica será responsabilidade da persoa física solicitante, a identificación da cal se incluír no certificado electrónico.

3. Os datos de creación de sinatura só poderán ser utilizados cando se admita nas relacións que manteña a persoa xurídica coas administracións públicas ou na contratación de bens ou servicios que sexan propios ou concernentes ó seu xiro ou tráfico ordinario. Así mesmo, a persoa xurídica poderá impor límites adicionais, por razón da contía ou da materia, para o uso dos ditos datos que, en todo caso, deberán figurar no certificado electrónico.

4. Entenderanse feitos pola persoa xurídica os actos ou contratos en que a súa sinatura se empregase dentro dos límites previstos no punto anterior.

Se a sinatura se utiliza transgredindo os límites mencionados, a persoa xurídica quedará vinculada fronte a terceiros só se os asume como propios ou se celebrasen no seu interese. En caso contrario, os efectos dos ditos actos recaerán sobre a persoa física responsable da custodia dos datos de creación de sinatura, quen poderá repetir, se é o caso, contra quen os utilizase.

5. O disposto neste artigo non será de aplicación ós certificados que sirvan para verificar a sinatura electrónica do prestador de servicios de certificación coa que asine os certificados electrónicos que expida.

6. O disposto neste artigo non será de aplicación ós certificados que se expidan a favor das administracións públicas, que estarán suxeitos á súa normativa específica.

Artigo 8. *Extinción da vixencia dos certificados electrónicos.*

1. Son causas de extinción da vixencia dun certificado electrónico:

a) Expiración do período de validez que figura no certificado.

b) Revogación formulada polo asinante, a persoa física ou xurídica representada por este, un terceiro autorizado ou a persoa física solicitante dun certificado electrónico de persoa xurídica.

c) Violación ou posta en perigo do secreto dos datos de creación de sinatura do asinante ou do prestador de servizos de certificación ou utilización indebida dos datos por un terceiro.

d) Resolución xudicial ou administrativa que o ordene.

e) Falecemento ou extinción da personalidade xurídica do asinante; falecemento, ou extinción da personalidade xurídica do representado; incapacidade sobrevida, total ou parcial, do asinante ou do seu representado; terminación da representación; disolución da persoa xurídica representada ou alteración das condicións de custodia ou uso dos datos de creación de sinatura que estean reflectidas nos certificados expedidos a unha persoa xurídica.

f) Cesamento na actividade do prestador de servizos de certificación salvo que, previo consentimento expreso do asinante, a xestión dos certificados electrónicos expedidos por aquel sexan transferidos a outro prestador de servizos de certificación.

g) Alteración dos datos achegados para a obtención do certificado ou modificación das circunstancias verificadas para a expedición do certificado, como as relativas ó cargo ou ás facultades de representación, de maneira que este xa non fose conforme a realidade.

h) Calquera outra causa lícita prevista na declaración de prácticas de certificación.

2. O período de validez dos certificados electrónicos será adecuado ás características e tecnoloxía empregada para xera-los datos de creación de sinatura. No caso dos certificados recoñecidos este período non poderá ser superior a catro anos.

3. A extinción da vixencia dun certificado electrónico terá efectos fronte a terceiros, nos supostos de expiración do seu período de validez, desde que se produza esta circunstancia e, nos demais casos, desde que a indicación da dita extinción se inclúa no servizo de consulta sobre a vixencia dos certificados do prestador de servizos de certificación.

Artigo 9. *Suspensión da vixencia dos certificados electrónicos.*

1. Os prestadores de servizos de certificación suspenderán a vixencia dos certificados electrónicos expedidos se concorre algunha das seguintes causas:

a) Solicitude do asinante, a persoa física ou xurídica representada por este, un terceiro autorizado ou a persoa física solicitante dun certificado electrónico de persoa xurídica.

b) Resolución xudicial ou administrativa que o ordene.

c) A existencia de dúbidas fundadas acerca da concorrencia das causas de extinción da vixencia dos certificados recollidas nas alíneas c) e g) do artigo 8.1.

d) Calquera outra causa lícita prevista na declaración de prácticas de certificación.

2. A suspensión da vixencia dun certificado electrónico terá efectos desde que se inclúa no servizo de consulta sobre a vixencia dos certificados do prestador de servizos de certificación.

Artigo 10. *Disposicións comúns á extinción e suspensión da vixencia de certificados electrónicos.*

1. O prestador de servizos de certificación fará constar inmediatamente, de maneira clara e indubidable, a extinción ou suspensión da vixencia dos certificados electrónicos no servizo de consulta sobre a vixencia dos certificados en canto teña coñecemento fundado de calquera dos feitos determinantes da extinción ou suspensión da súa vixencia.

2. O prestador de servizos de certificación informará o asinante acerca desta circunstancia de maneira

previa ou simultánea á extinción ou suspensión da vixencia do certificado electrónico, especificando os motivos e a data e a hora en que o certificado quedará sen efecto. Nos casos de suspensión, indicará, ademais, a súa duración máxima, extinguíndose a vixencia do certificado se transcorrido o dito prazo non se levantase a suspensión.

3. A extinción ou suspensión da vixencia dun certificado electrónico non terá efectos retroactivos.

4. A extinción ou suspensión da vixencia dun certificado electrónico manterase accesible no servizo de consulta sobre a vixencia dos certificados polo menos ata a data en que finalizase o seu período inicial de validez.

CAPÍTULO II

Certificados recoñecidos

Artigo 11. *Concepto e contido dos certificados recoñecidos.*

1. Son certificados recoñecidos os certificados electrónicos expedidos por un prestador de servizos de certificación que cumpra os requisitos establecidos nesta lei en canto á comprobación da identidade e demais circunstancias dos solicitantes e á fiabilidade e as garantías dos servizos de certificación que presten.

2. Os certificados recoñecidos incluírán, polo menos, os seguintes datos:

a) A indicación de que se expiden como tales.

b) O código identificativo único do certificado.

c) A identificación do prestador de servizos de certificación que expide o certificado e o seu domicilio.

d) A sinatura electrónica avanzada do prestador de servizos de certificación que expide o certificado.

e) A identificación do asinante, no suposto de persoas físicas, polo seu nome e apelidos e o seu número de documento nacional de identidade ou a través dun pseudónimo que conste como tal de maneira inequívoca e, no suposto de persoas xurídicas, pola súa denominación ou razón social e o seu código de identificación fiscal.

f) Os datos de verificación de sinatura que correspondan ós datos de creación de sinatura que se encontran baixo o control do asinante.

g) O comezo e a fin do período de validez do certificado.

h) Os límites de uso do certificado, se se establecen.

i) Os límites do valor das transaccións para as que se pode utiliza-lo certificado, se se establecen.

3. Os certificados recoñecidos poderán así mesmo conter calquera outra circunstancia ou atributo específico do asinante en caso de que sexa significativo en función do fin propio do certificado e sempre que aquel o solicite.

4. Se os certificados recoñecidos admiten unha relación de representación incluírán unha indicación do documento público que acredite de forma que faga fe as facultades do asinante para actuar en nome da persoa ou entidade á cal represente e, en caso de ser obrigatoria a inscrición, dos datos rexistrados, de conformidade co punto 2 do artigo 13.

Artigo 12. *Obrigas previas á expedición de certificados recoñecidos.*

Antes da expedición dun certificado recoñecido, os prestadores de servizos de certificación deberán cumprilas seguintes obrigas:

a) Comproba-la identidade e circunstancias persoais dos solicitantes de certificados de acordo co disposto no artigo seguinte.

b) Verificar que a información contida no certificado é exacta e que inclúe toda a información prescrita para un certificado recoñecido.

c) Asegurarse de que o asinante está en posesión dos datos de creación de sinatura correspondentes ós de verificación que constan no certificado.

d) Garantir a complementariedade dos datos de creación e verificación de sinatura, sempre que ambos sexan xerados polo prestador de servicios de certificación.

Artigo 13. *Comprobación da identidade e outras circunstancias persoais dos solicitantes dun certificado recoñecido.*

1. A identificación da persoa física que solicite un certificado recoñecido esixirá a súa comparecencia ante os encargados de verificala e acreditarase mediante o documento nacional de identidade, pasaporte ou outros medios admitidos en dereito. Poderase prescindir da comparecencia se a súa sinatura na solicitude de expedición dun certificado recoñecido foi lexitimada en presenza notarial.

O réxime de comparecencia na solicitude de certificados que se expidan logo de identificación do solicitante ante as administracións públicas rexerá polo establecido na normativa administrativa.

2. No caso de certificados recoñecidos de persoas xurídicas, os prestadores de servicios de certificación comprobarán, ademais, os datos relativos á constitución e personalidade xurídica e á extensión e vixencia das facultades de representación do solicitante, ben mediante consulta no rexistro público en que estean inscritos os documentos de constitución e de apoderamento, ben mediante os documentos públicos que sirvan para acreditar os extremos citados de maneira que faga fe, cando aqueles non sexan de inscrición obrigatoria.

3. Se os certificados recoñecidos reflicten unha relación de representación voluntaria, os prestadores de servicios de certificación comprobarán os datos relativos á personalidade xurídica do representado e á extensión e vixencia das facultades do representante, ben mediante consulta no rexistro público en que estean inscritos, ben mediante os documentos públicos que sirvan para acreditar os extremos citados de maneira que faga fe, cando aqueles non sexan de inscrición obrigatoria. Se os certificados recoñecidos admiten outros supostos de representación, os prestadores de servicios de certificación deberán esixir a acreditación das circunstancias en que se fundamentan, na mesma forma prevista anteriormente.

Cando o certificado recoñecido conteña outras circunstancias persoais ou atributos do solicitante, como a súa condición de titular dun cargo público, a súa pertenza a un colexio profesional ou a súa titulación, estas deberán comprobar mediante os documentos oficiais que as acrediten, de conformidade coa súa normativa específica.

4. O disposto nos puntos anteriores poderá non ser esixible nos seguintes casos:

a) Cando a identidade ou outras circunstancias permanentes dos solicitantes dos certificados lle constasen xa ó prestador de servicios de certificación en virtude dunha relación preexistente, en que, para a identificación do interesado, se empregasen os medios sinalados neste artigo e o período de tempo transcorrido desde a identificación é menor de cinco anos.

b) Cando para solicitar un certificado se utilice outro vixente para a expedición do cal se identificase o asinante na forma prescrita neste artigo e lle conste ó prestador de servicios de certificación que o período de tempo transcorrido desde a identificación é menor de cinco anos.

5. Os prestadores de servicios de certificación poderán realiza-las actuacións de comprobación previstas neste artigo por si ou por medio doutras persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, e será responsable, en todo caso, o prestador de servicios de certificación.

Artigo 14. *Equivalencia internacional de certificados recoñecidos.*

Os certificados electrónicos que os prestadores de servicios de certificación establecidos nun Estado que non sexa membro do Espacio Económico Europeo expidan ó público como certificados recoñecidos de acordo coa lexislación aplicable no dito Estado consideraranse equivalentes ós expedidos polos establecidos en España, sempre que se cumpra algunha das seguintes condicións:

a) Que o prestador de servicios de certificación reúna os requisitos establecidos na normativa comunitaria sobre sinatura electrónica para a expedición de certificados recoñecidos e fose certificado conforme a un sistema voluntario de certificación establecido nun Estado membro do Espacio Económico Europeo.

b) Que o certificado estea garantido por un prestador de servicios de certificación establecido no Espacio Económico Europeo que cumpra os requisitos establecidos na normativa comunitaria sobre sinatura electrónica para a expedición de certificados recoñecidos.

c) Que o certificado ou o prestador de servicios de certificación estean recoñecidos en virtude dun acordo bilateral ou multilateral entre a Comunidade Europea e terceiros países ou organizacións internacionais.

CAPÍTULO III

O documento nacional de identidade electrónico

Artigo 15. *Documento nacional de identidade electrónico.*

1. O documento nacional de identidade electrónico é o documento nacional de identidade que acredita electrónicamente a identidade persoal do seu titular e permite a sinatura electrónica de documentos.

2. Tódalas persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, recoñecerán a eficacia do documento nacional de identidade electrónico para acreditar a identidade e os demais datos persoais do titular que consten nel, e para acreditar a identidade do asinante e a integridade dos documentos asinados cos dispositivos de sinatura electrónica nel incluídos.

Artigo 16. *Requisitos e características do documento nacional de identidade electrónico.*

1. Os órganos competentes do Ministerio do Interior para a expedición do documento nacional de identidade electrónico cumpriran as obrigas que esta lei lles impón ós prestadores de servicios de certificación que expidan certificados recoñecidos con excepción da relativa á constitución da garantía á que se refire o punto 2 do artigo 20.

2. A Administración xeral do Estado empregará, na medida do posible, sistemas que garantan a compatibilidade dos instrumentos de sinatura electrónica incluídos no documento nacional de identidade electrónico cos distintos dispositivos e produtos de sinatura electrónica xeralmente aceptados.

TÍTULO III

Prestación de servicios de certificación

CAPÍTULO I

Obrigas

Artigo 17. *Protección dos datos persoais.*

1. O tratamento dos datos persoais que precisen os prestadores de servicios de certificación para o desen-

volveremento da súa actividade e os órganos administrativos para o exercicio das funcións atribuídas por esta lei suxeitarase ó disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e nas súas normas de desenvolvemento.

2. Para a expedición de certificados electrónicos ó público, os prestadores de servizos de certificación unicamente poderán solicitar datos persoais directamente dos asinantes ou logo de consentimento expreso destes.

Os datos requiridos serán exclusivamente os necesarios para a expedición e o mantemento do certificado electrónico e a prestación doutros servizos en relación coa sinatura electrónica, non podendo tratarse con fins distintos sen o consentimento expreso do asinante.

3. Os prestadores de servizos de certificación que consignen un pseudónimo no certificado electrónico por solicitude do asinante deberán constata-la súa verdadeira identidade e conserva-la documentación que acredite.

Os ditos prestadores de servizos de certificación estarán obrigados a revela-la identidade dos asinantes cando o soliciten os órganos xudiciais no exercicio das funcións que teñen atribuídas e nos demais supostos previstos no artigo 11.2 da Lei orgánica de protección de datos de carácter persoal en que así se requira.

4. En calquera caso, os prestadores de servizos de certificación non incluírán nos certificados electrónicos que expidan, os datos ós que se fai referencia no artigo 7 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Artigo 18. *Obrigas dos prestadores de servizos de certificación que expidan certificados electrónicos.*

Os prestadores de servizos de certificación que expidan certificados electrónicos deberán cumprilas seguintes obrigas:

- a) Non almacenar nin copia-los datos de creación de sinatura da persoa á que prestasen os seus servizos.
- b) Proporcionarlle ó solicitante antes da expedición do certificado a seguinte información mínima, que se deberá transmitir de forma gratuíta, por escrito ou por vía electrónica:

1.º As obrigas do asinante, a forma en que se deben custodiar-los datos de creación de sinatura, o procedemento que se deba seguir para comunica-la perda ou posible utilización indebida dos ditos datos e determinados dispositivos de creación e de verificación de sinatura electrónica que sexan compatibles cos datos de sinatura e co certificado expedido.

2.º Os mecanismos para garanti-la fiabilidade da sinatura electrónica dun documento ó longo do tempo.

3.º O método utilizado polo prestador para comproba-la identidade do asinante ou outros datos que figuren no certificado.

4.º As condicións precisas de utilización do certificado, os seus posibles límites de uso e a forma en que o prestador garante a súa responsabilidade patrimonial.

5.º As certificacións que obtivese, se é o caso, o prestador de servizos de certificación e os procedementos aplicables para a resolución extraxudicial dos conflitos que puidesen xurdir polo exercicio da súa actividade.

6.º As demais informacións contidas na declaración de prácticas de certificación.

A información citada anteriormente que sexa relevante para terceiros afectados polos certificados deberá estar dispoñible por instancia destes.

c) Manter un directorio actualizado de certificados en que se indicarán os certificados expedidos e se están vixentes ou se a súa vixencia foi suspendida ou extin-

guida. A integridade do directorio protexeráse mediante a utilización dos mecanismos de seguridade adecuados.

d) Garanti-la dispoñibilidade dun servizo de consulta sobre a vixencia dos certificados rápido e seguro.

Artigo 19. *Declaración de prácticas de certificación.*

1. Tódolos prestadores de servizos de certificación formularán unha declaración de prácticas de certificación en que detallarán, no marco desta lei e das súas disposicións de desenvolvemento, as obrigas que se comprometen a cumprir en relación coa xestión dos datos de creación e verificación de sinatura e dos certificados electrónicos, as condicións aplicables á solicitude, expedición, uso, suspensión e extinción da vixencia dos certificados, as medidas de seguridade técnicas e organizativas, os perfís e os mecanismos de información sobre a vixencia dos certificados e, se é o caso, a existencia de procedementos de coordinación cos rexistros públicos correspondentes que permitan o intercambio de información de maneira inmediata sobre a vixencia dos poderes indicados nos certificados e que deban figurar preceptivamente inscritos nos ditos rexistros.

2. A declaración de prácticas de certificación de cada prestador estará dispoñible ó público de maneira facilmente accesible, polo menos por vía electrónica e de forma gratuíta.

3. A declaración de prácticas de certificación terá a consideración de documento de seguridade para os efectos previstos na lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal e deberá conter tódolos requisitos esixidos para o dito documento na mencionada lexislación.

Artigo 20. *Obrigas dos prestadores de servizos de certificación que expidan certificados recoñecidos.*

1. Ademais das obrigas establecidas neste capítulo, os prestadores de servizos de certificación que expidan certificados recoñecidos deberán cumprilas seguintes obrigas:

a) Demostra-la fiabilidade necesaria para prestar servizos de certificación.

b) Garantir que se poida determinar con precisión a data e a hora en que se expidiu un certificado ou se extinguiu ou suspendeu a súa vixencia.

c) Empregar persoal coa cualificación, coñecementos e experiencia necesarios para a prestación dos servizos de certificación ofrecidos e os procedementos de seguridade e de xestión adecuados no ámbito da sinatura electrónica.

d) Utilizar sistemas e produtos fiables que estean protexidos contra toda alteración e que garantan a seguridade técnica e, se é o caso, criptográfica dos procesos de certificación ós que serven de soporte.

e) Tomar medidas contra a falsificación de certificados e, no caso de que o prestador de servizos de certificación xere datos de creación de sinatura, garanti-la súa confidencialidade durante o proceso de xeración e a súa entrega por un procedemento seguro ó asinante.

f) Conservar rexistrada por calquera medio seguro toda a información e documentación relativa a un certificado recoñecido e as declaracións de prácticas de certificación vixentes en cada momento, polo menos durante 15 anos contados desde o momento da súa expedición, de maneira que se poidan verifica-las sinaturas efectuadas con el.

g) Utilizar sistemas fiables para almacenar certificados recoñecidos que permitan comproba-la súa autenticidade e impedir que persoas non autorizadas alteren os datos, restrinxan a súa accesibilidade nos supostos ou ás persoas que o asinante indicase e permitan detectar calquera cambio que afecte estas condicións de seguridade.

2. Os prestadores de servizos de certificación que expidan certificados recoñecidos deberán constituír un

seguro de responsabilidade civil por importe de polo menos 3.000.000 de euros para afronta-lo risco da responsabilidade polos danos e perdas que poida ocasiona-lo uso dos certificados que expidan.

A citada garantía poderá ser substituída total ou parcialmente por unha garantía mediante aval bancario ou seguro de caución, de maneira que a suma das cantidades aseguradas sexa polo menos de 3.000.000 de euros.

As contías e os medios de aseguramento e garantía establecidos nos dous parágrafos anteriores poderán ser modificados mediante real decreto.

Artigo 21. *Cesamento da actividade dun prestador de servizos de certificación.*

1. O prestador de servizos de certificación que vaia cesar na súa actividade deberállelo comunicar ós asinantes que utilicen os certificados electrónicos que expedise así como ós solicitantes de certificados expedidos a favor de persoas xurídicas; e poderá transferir, co seu consentimento expreso, a xestión dos que sigan sendo válidos na data en que o cesamento se produza a outro prestador de servizos de certificación que os asuma ou, en caso contrario, extingui-la súa vixencia. A citada comunicación levarase a cabo cunha antelación mínima de dous meses ó cesamento efectivo da actividade e informará, se é o caso, sobre as características do prestador ó que se lle propón a transferencia da xestión dos certificados.

2. O prestador de servizos de certificación que expida certificados electrónicos ó público deberalle comunicar ó Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, coa antelación indicada no anterior parágrafo, o cesamento da súa actividade e o destino que lles vaia dar ós certificados, especificando, se é o caso, se vai transferir-la xestión e a quen ou se extinguirá a súa vixencia.

Igualmente, comunicará calquera outra circunstancia relevante que poida impedi-la continuación da súa actividade. En especial, deberá comunicar, en canto teña coñecemento diso, a apertura de calquera proceso concursal que se siga contra el.

3. Os prestadores de servizos de certificación remitiranlle ó Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía con carácter previo ó cesamento definitivo da súa actividade a información relativa ós certificados electrónicos a vixencia dos cales fose extinguida para que este se faga cargo da súa custodia para efectos do previsto no artigo 20.1.f). Este ministerio manterá accesible ó público un servizo de consulta específico onde figure unha indicación sobre os citados certificados durante un período que considere suficiente en función das consultas efectuadas a este.

CAPÍTULO II

Responsabilidade

Artigo 22. *Responsabilidade dos prestadores de servizos de certificación.*

1. Os prestadores de servizos de certificación responderán polos danos e perdas que causen a calquera persoa no exercicio da súa actividade cando incumpran as obrigas que lles impón esta lei.

A responsabilidade do prestador de servizos de certificación regulada nesta lei será esixible conforme as normas xerais sobre a culpa contractual ou extracontractual, segundo proceda, aínda que lle corresponderá ó prestador de servizos de certificación demostrar que actuou coa dilixencia profesional que lle é esixible.

2. Se o prestador de servizos de certificación non cumprise as obrigas sinaladas nas alíneas b) á d) do artigo 12 ó garantir un certificado electrónico expedido por un prestador de servizos de certificación establecido

nun Estado non pertencente ó Espacio Económico Europeo, será responsable polos danos e perdas causados polo uso do dito certificado.

3. De maneira particular, o prestador de servizos de certificación responderá dos prexuízos que se lle causen ó asinante ou a terceiros de boa fe pola falta ou o atraso na inclusión no servizo de consulta sobre a vixencia dos certificados da extinción ou suspensión da vixencia do certificado electrónico.

4. Os prestadores de servizos de certificación asumirán toda a responsabilidade fronte a terceiros pola actuación das persoas en que deleguen a execución dalgunha ou algunhas das funcións necesarias para a prestación de servizos de certificación.

5. A regulación contida nesta lei sobre a responsabilidade do prestador de servizos de certificación enténdese sen prexuízo do establecido na lexislación sobre cláusulas abusivas en contratos celebrados con consumidores.

Artigo 23. *Limitacións de responsabilidade dos prestadores de servizos de certificación.*

1. O prestador de servizos de certificación non será responsable dos danos e perdas ocasionados ó asinante ou a terceiros de boa fe, se o asinante incorre nalgún dos seguintes supostos:

a) Non proporcionarlle ó prestador de servizos de certificación información veraz, completa e exacta sobre os datos que deban constar no certificado electrónico ou que sexan necesarios para a súa expedición ou para a extinción ou suspensión da súa vixencia, cando a súa inexactitude non puidese ser detectada polo prestador de servizos de certificación.

b) A falta de comunicación sen demora ó prestador de servizos de certificación de calquera modificación das circunstancias reflectidas no certificado electrónico.

c) Neglixencia na conservación dos seus datos de creación de sinatura, no aseguramento da súa confidencialidade e na protección de todo acceso ou revelación.

d) Non solicita-la suspensión ou revogación do certificado electrónico en caso de dúbida en canto ó mantemento da confidencialidade dos seus datos de creación de sinatura.

e) Utiliza-los datos de creación de sinatura cando expirase o período de validez do certificado electrónico ou o prestador de servizos de certificación lle notifique a extinción ou suspensión da súa vixencia.

f) Supera-los límites que figuren no certificado electrónico en canto ós seus posibles usos e ó importe individualizado das transaccións que se poidan realizar con el ou non utilízalo conforme as condicións establecidas e comunicadas ó asinante polo prestador de servizos de certificación.

2. No caso dos certificados electrónicos que recollan un poder de representación do asinante, tanto este como a persoa ou entidade representada, cando esta teña coñecemento da existencia do certificado, están obrigados a solicita-la revogación ou suspensión da vixencia do certificado nos termos previstos nesta lei.

3. Cando o asinante sexa unha persoa xurídica, o solicitante do certificado electrónico asumirá as obrigas indicadas no punto 1.

4. O prestador de servizos de certificación tampouco será responsable polos danos e perdas ocasionados ó asinante ou a terceiros de boa fe se o destinatario dos documentos asinados electronicamente actúa de forma negligente. Entenderase, en particular, que o destinatario actúa de forma negligente nos seguintes casos:

a) Cando non comprobe e teña en conta as restricións que figuren no certificado electrónico en canto ós seus posibles usos e ó importe individualizado das transaccións que se poidan realizar con el.

b) Cando non teña en conta a suspensión ou perda de vixencia do certificado electrónico publicada no servizo de consulta sobre a vixencia dos certificados ou cando non verifique a sinatura electrónica.

5. O prestador de servizos de certificación non será responsable dos danos e perdas ocasionados ó asinante ou a terceiros de boa fe pola inexactitude dos datos que consten no certificado electrónico, se estes lle foron acreditados mediante documento público. En caso de que os ditos datos deban figurar inscritos nun rexistro público, o prestador de servizos de certificación deberá comprobalos no citado rexistro no momento inmediato anterior á expedición do certificado, podendo empregar, se é o caso, medios telemáticos.

6. A exención de responsabilidade fronte a terceiros obriga o prestador de servizos de certificación a probar que actuou en todo caso coa debida dilixencia.

TÍTULO IV

Dispositivos de sinatura electrónica e sistemas de certificación de prestadores de servizos de certificación e de dispositivos de sinatura electrónica

CAPÍTULO I

Dispositivos de sinatura electrónica

Artigo 24. Dispositivos de creación de sinatura electrónica.

1. Os datos de creación de sinatura son os datos únicos, como códigos ou claves criptográficas privadas, que o asinante utiliza para crea-la sinatura electrónica.

2. Un dispositivo de creación de sinatura é un programa ou sistema informático que serve para aplica-los datos de creación de sinatura.

3. Un dispositivo seguro de creación de sinatura é un dispositivo de creación de sinatura que ofrece, polo menos, as seguintes garantías:

a) Que os datos utilizados para a xeración de sinatura se poden producir só unha vez e asegura razoablemente o seu segredo.

b) Que existe unha seguridade razoable de que os datos utilizados para a xeración de sinatura non poden ser derivados dos de verificación de sinatura ou da propia sinatura e de que a sinatura está protexida contra a falsificación coa tecnoloxía existente en cada momento.

c) Que os datos de creación de sinatura poden ser protexidos de forma fiable polo asinante contra a súa utilización por terceiros.

d) Que o dispositivo utilizado non altera os datos ou o documento que se deba asinar nin impide que este se lle amose ó asinante antes do proceso de sinatura.

Artigo 25. Dispositivos de verificación de sinatura electrónica.

1. Os datos de verificación de sinatura son os datos, como códigos ou claves criptográficas públicas, que se utilizan para verifica-la sinatura electrónica.

2. Un dispositivo de verificación de sinatura é un programa ou sistema informático que serve para aplica-los datos de verificación de sinatura.

3. Os dispositivos de verificación de sinatura electrónica garantirán, sempre que sexa tecnicamente posible, que o proceso de verificación dunha sinatura electrónica satisfaga, polo menos, os seguintes requisitos:

a) Que os datos utilizados para verifica-la sinatura correspondan ós datos amosados á persoa que verifica a sinatura.

b) Que a sinatura se verifique de forma fiable e o resultado desa verificación se presente correctamente.

c) Que a persoa que verifica a sinatura electrónica poida, en caso necesario, establecer de forma fiable o contido dos datos asinados e detectar se foron modificados.

d) Que se amosen correctamente tanto a identidade do asinante ou, se é o caso, conste claramente a utilización dun pseudónimo, como o resultado da verificación.

e) Que se verifiquen de forma fiable a autenticidade e a validez do certificado electrónico correspondente.

f) Que se poida detectar calquera cambio relativo á súa seguridade.

4. Así mesmo, os datos referentes á verificación da sinatura, tales como o momento en que esta se produce ou unha constatación da validez do certificado electrónico nese momento, poderán ser almacenados pola persoa que verifica a sinatura electrónica ou por terceiros de confianza.

CAPÍTULO II

Certificación de prestadores de servizos de certificación e de dispositivos de creación de sinatura electrónica

Artigo 26. Certificación de prestadores de servizos de certificación.

1. A certificación dun prestador de servizos de certificación é o procedemento voluntario polo que unha entidade cualificada pública ou privada emite unha declaración a favor dun prestador de servizos de certificación, que implica un recoñecemento do cumprimento de requisitos específicos na prestación dos servizos que se ofrecen ó público.

2. A certificación dun prestador de servizos de certificación poderá ser solicitada por este e poderá ser levada a cabo, entre outras, por entidades de certificación recoñecidas por unha entidade de acreditación designada de acordo co disposto na Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, e nas súas disposicións de desenvolvemento.

3. Nos procedementos de certificación poderanse utilizar normas técnicas ou outros criterios de certificación adecuados. En caso de se utilizaren normas técnicas, empregaranse preferentemente aquelas que gocen de amplo recoñecemento aprobadas por organismos de normalización europeos e, no seu defecto, outras normas internacionais ou españolas.

4. A certificación dun prestador de servizos de certificación non será necesaria para recoñecer eficacia xurídica a unha sinatura electrónica.

Artigo 27. Certificación de dispositivos seguros de creación de sinatura electrónica.

1. A certificación de dispositivos seguros de creación de sinatura electrónica é o procedemento polo que se comproba que un dispositivo cumpre os requisitos establecidos nesta lei para a súa consideración como dispositivo seguro de creación de sinatura.

2. A certificación poderá ser solicitada polos fabricantes ou importadores de dispositivos de creación de sinatura e será levada a cabo polas entidades de certificación recoñecidas por unha entidade de acreditación designada de acordo co disposto na Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, e nas súas disposicións de desenvolvemento.

3. Nos procedementos de certificación empregaranse as normas técnicas os números de referencia das cales fosen publicados no «Diario Oficial de la Unión Europea» e, excepcionalmente, as aprobadas polo Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía que se publicarán no enderezo da internet deste ministerio.

4. Os certificados de conformidade dos dispositivos seguros de creación de sinatura serán modificados ou, se é o caso, revogados cando se deixen de cumprir-las condicións establecidas para a súa obtención.

Os organismos de certificación asegurarán a difusión das decisións de revogación de certificados de dispositivos de creación de sinatura.

Artigo 28. *Recoñecemento da conformidade coa normativa aplicable ós produtos de sinatura electrónica.*

1. Presumirase que os produtos de sinatura electrónica aludidos na alínea d) do punto 1 do artigo 20 e no punto 3 do artigo 24 son conformes cos requisitos previstos nos ditos artigos se se axustan ás normas técnicas correspondentes os números de referencia das cales fosen publicados no «Diario Oficial de la Unión Europea».

2. Recoñeceráselles eficacia ós certificados de conformidade sobre dispositivos seguros de creación de sinatura que fosen outorgados polos organismos designados para iso en calquera Estado membro do Espacio Económico Europeo.

TÍTULO V

Supervisión e control

Artigo 29. *Supervisión e control.*

1. O Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía controlará o cumprimento polos prestadores de servicios de certificación que expidan ó público certificados electrónicos das obrigas establecidas nesta lei e nas súas disposicións de desenvolvemento. Así mesmo, supervisará o funcionamento do sistema e dos organismos de certificación de dispositivos seguros de creación de sinatura electrónica.

2. O Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía realizará as actuacións inspectoras que sexan precisas para o exercicio da súa función de control.

Os funcionarios adscritos ó Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía que realicen a inspección a que se refire o punto anterior terán a consideración de autoridade pública no desempeño dos seus cometidos.

3. O Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía poderá acordar-las medidas apropiadas para o cumprimento desta lei e as súas disposicións de desenvolvemento.

4. O Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía poderá recorrer a entidades independentes e tecnicamente cualificadas para que o asistan nos labores de supervisión e control sobre os prestadores de servicios de certificación que lle asigna esta lei.

Artigo 30. *Deber de información e colaboración.*

1. Os prestadores de servicios de certificación, a entidade independente de acreditación e os organismos de certificación teñen a obriga de facilitarlle ó Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía toda a información e colaboración precisas para o exercicio das súas funcións.

En particular, deberán permitirlles ós seus axentes ou ó persoal inspector o acceso ás súas instalacións e a consulta de calquera documentación relevante para a inspección de que se trate, sendo de aplicación, se é o caso, o disposto no artigo 8.5 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa. Nas súas inspeccións poderán ir acompañados de expertos ou peritos nas materias sobre as que versen aquelas.

2. Os prestadores de servicios de certificación deberán comunicarlle ó Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía o inicio da súa actividade, os seus datos de identificación,

incluíndo a identificación fiscal e rexistral, se é o caso, os datos que permitan establecer comunicación co prestador, incluídos o nome de dominio da internet, os datos de atención ó público, as características dos servicios que vaian prestar, as certificacións obtidas para os seus servicios e as certificacións dos dispositivos que utilicen. Esta información deberá ser convenientemente actualizada polos prestadores e será obxecto de publicación no enderezo da internet do citado ministerio coa finalidade de outorgarlle a máxima difusión e coñecemento.

3. Cando, como consecuencia dunha actuación inspectora, se tivese coñecemento de feitos que puidesen ser constitutivos de infraccións tipificadas noutras leis, daráselles conta destes ós órganos ou organismos competentes para a súa supervisión e sanción.

TÍTULO VI

Infraccións e sancións

Artigo 31. *Infraccións.*

1. As infraccións dos preceptos desta lei clasifícanse en moi graves, graves e leves.

2. Son infraccións moi graves:

a) O incumprimento dalgunha das obrigas establecidas nos artigos 18 e 20 na expedición de certificados recoñecidos, sempre que se lles causasen danos graves ós usuarios ou a seguridade dos servicios de certificación se vise gravemente afectada.

O disposto neste punto non será de aplicación respecto ó incumprimento da obriga de constitución da garantía económica prevista no punto 2 do artigo 20.

b) A expedición de certificados recoñecidos sen realizar tódalas comprobacións previas sinaladas no artigo 12, cando iso lle afecte á maioría dos certificados recoñecidos expedidos nos tres anos anteriores ó inicio do procedemento sancionador ou desde o inicio da actividade do prestador se este período é menor.

3. Son infraccións graves:

a) O incumprimento dalgunha das obrigas establecidas nos artigos 18 e 20 na expedición de certificados recoñecidos, excepto da obriga de constitución da garantía prevista no punto 2 do artigo 20, cando non constituía infracción moi grave.

b) A falta de constitución polos prestadores que expidan certificados recoñecidos da garantía económica recollida no punto 2 do artigo 20.

c) A expedición de certificados recoñecidos sen realizar tódalas comprobacións previas indicadas no artigo 12, nos casos en que non constituía infracción moi grave.

d) O incumprimento polos prestadores de servicios de certificación que non expidan certificados recoñecidos das obrigas sinaladas no artigo 18, se se lles causasen danos graves ós usuarios ou a seguridade dos servicios de certificación se vise gravemente afectada.

e) O incumprimento polos prestadores de servicios de certificación das obrigas establecidas no artigo 21 respecto ó cesamento de actividade destes ou a produción de circunstancias que impidan a continuación da súa actividade, cando estas non sexan sancionables de conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

f) A resistencia, obstrucción, escusa ou negativa inxustificada á actuación inspectora dos órganos facultados para levala a cabo de acordo con esta lei e a falta ou deficiente presentación da información solicitada por parte do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía na súa función de inspección e control.

g) O incumprimento das resolucións dictadas polo Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía para asegurar que o prestador de servicios de certificación se axuste a esta lei.

4. Constitúen infraccións leves:

O incumprimento polos prestadores de servizos de certificación que non expidan certificados recoñecidos, das obrigas sinaladas no artigo 18 e as restantes desta lei, cando non constitúa infracción grave ou moi grave, excepto as contidas no punto 2 do artigo 30.

Artigo 32. Sancións.

1. Pola comisión de infraccións recollidas no artigo anterior, imporanse as seguintes sancións:

a) Pola comisión de infraccións moi graves, imporáselle ó infractor multa de 150.001 a 600.000 euros. A comisión de dúas ou máis infraccións moi graves no prazo de tres anos poderá dar lugar, en función dos criterios de gradación do artigo seguinte, á sanción de prohibición de actuación en España durante un prazo máximo de dous anos.

b) Pola comisión de infraccións graves, imporáselle ó infractor multa de 30.001 a 150.000 euros.

c) Pola comisión de infraccións leves, imporáselle ó infractor unha multa por importe de ata 30.000 euros.

2. As infraccións graves e moi graves poderán levar aparellada, por conta do sancionado, a publicación da resolución sancionadora no «Boletín Oficial del Estado» e en dous xornais de difusión nacional ou na páxina de inicio do sitio da internet do prestador e, se é o caso, no sitio da internet do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, unha vez que aquela teña carácter firme.

Para a imposición desta sanción, considerarase a repercusión social da infracción cometida, o número de usuarios afectados e a gravidade do ilícito.

Artigo 33. Gradación da contía das sancións.

A contía das multas que se impoñan, dentro dos límites indicados, graduarase tendo en conta o seguinte:

- A existencia de intencionalidade ou reiteración.
- A reincidencia, por comisión de infraccións da mesma natureza, sancionadas mediante resolución firme.
- A natureza e contía dos prexuízos causados.
- Prazo de tempo durante o que se viñese cometendo a infracción
- O beneficio que lle reportase ó infractor a comisión da infracción.
- Volumen da facturación a que afecte a infracción cometida.

Artigo 34. Medidas provisionais.

1. Nos procedementos sancionadores por infraccións graves ou moi graves o Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía poderá adoptar, consonte a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e as súas normas de desenvolvemento, as medidas de carácter provisional que se consideren necesarias para asegura-la eficacia da resolución que definitivamente se dicte, o bo fin do procedemento, evita-lo mantemento dos efectos da infracción e as esixencias dos intereses xerais.

En particular, poderanse acorda-las seguintes:

a) Suspensión temporal da actividade do prestador de servizos de certificación e, se é o caso, peche provisional dos seus establecementos.

b) Precinto, depósito ou incautación de rexistros, soportes e arquivos informáticos e de documentos en xeral, así como de aparellos e equipamentos informáticos de todo tipo.

c) Advertencia ó público da existencia de posibles condutas infractoras e da incoación do expediente san-

cionador de que se trate, así como das medidas adoptadas para o cesamento das ditas condutas.

Na adopción e cumprimento das medidas de restricción a que alude este punto respectarase, en todo caso, as garantías, normas e procedementos previstos no ordenamento xurídico para protexer-los dereitos á intimidade persoal e á protección dos datos persoais, cando estes puidesen resultar afectados.

2. Nos supostos de danos de excepcional gravidade na seguridade dos sistemas empregados polo prestador de servizos de certificación que menoscaben seriamente a confianza dos usuarios nos servizos ofrecidos, o Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía poderá acorda-la suspensión ou perda de vixencia dos certificados afectados, incluso con carácter definitivo.

3. En todo caso, respectarase o principio de proporcionalidade da medida que se vai adoptar cos obxectivos que se pretendan alcanzar en cada suposto.

4. En casos de urxencia e para a inmediata protección dos intereses implicados, as medidas provisionais previstas neste artigo poderán ser acordadas antes da iniciación do expediente sancionador.

As medidas deberán ser confirmadas, modificadas ou levantadas no acordo de iniciación do procedemento, que se deberá efectuar dentro dos 15 días seguintes á súa adopción, o cal poderá ser obxecto do recurso que proceda.

En todo caso, as ditas medidas quedarán sen efecto se non se inicia o procedemento sancionador no dito prazo ou cando o acordo de iniciación non conteña un pronunciamiento expreso acerca destas.

Artigo 35. Multa coercitiva.

O órgano administrativo competente para resolver-lo procedemento sancionador poderá impoñer multas coercitivas por importe que non exceda de 6.000 euros por cada día que transcorra sen cumprilas as medidas provisionais que fosen acordadas.

Artigo 36. Competencia e procedemento sancionador.

1. A imposición de sancións polo incumprimento do previsto nesta lei corresponderalle, no caso de infraccións moi graves, ó ministro de Ciencia e Tecnoloxía e no de infraccións graves e leves, ó secretario de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información.

Non obstante, o incumprimento das obrigas establecidas no artigo 17 será sancionado pola Axencia de Protección de Datos de acordo co establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

2. A potestade sancionadora regulada nesta lei exercerase de conformidade co establecido ó respecto na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e nas súas normas de desenvolvemento.

Disposición adicional primeira. Fe pública e uso de sinatura electrónica.

1. O disposto nesta lei non substitúe nin modifica as normas que regulan as funcións que lles corresponden ós funcionarios que teñan legalmente a facultade de dar fe en documentos no que se refire ó ámbito das súas competencias sempre que actúen cos requisitos esixidos na lei.

2. No ámbito da documentación electrónica, corresponderalles ás entidades prestadoras de servizos de certificación acredita-la existencia dos servizos prestados no exercicio da súa actividade de certificación electrónica, por solicitude do usuario, ou dunha autoridade xudicial ou administrativa.

Disposición adicional segunda. *Exercicio da potestade sancionadora sobre a entidade de acreditación e os organismos de certificación de dispositivos de creación de sinatura electrónica.*

1. No ámbito da certificación de dispositivos de creación de sinatura, corresponderalle ó secretario de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía a imposición de sancións pola comisión, polos organismos de certificación de dispositivos seguros de creación de sinatura electrónica ou pola entidade que os acredite, das infraccións graves previstas nas alíneas e), f) e g) do punto segundo do artigo 31 da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, e das infraccións leves indicadas na alínea a) do punto 3 do artigo 31 da citada lei que cometan no exercicio de actividades relacionadas coa certificación de sinatura electrónica.

2. Cando as ditas infraccións merezan a cualificación de infraccións moi graves, serán sancionadas polo Ministro de Ciencia e Tecnoloxía.

Disposición adicional terceira. *Expedición de certificados electrónicos a entidades sen personalidade xurídica para o cumprimento de obrigas tributarias.*

Poderánselles expedir certificados electrónicos ás entidades sen personalidade xurídica a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria para os únicos efectos da súa utilización no ámbito tributario, nos termos que estableza o ministro de Facenda.

Disposición adicional cuarta. *Prestación de servicios pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda.*

O disposto nesta lei enténdese sen prexuízo do establecido no artigo 81 da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

Disposición adicional quinta. *Modificación do artigo 81 da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.*

Engádeselle un punto doce ó artigo 81 da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, coa seguinte redacción.

«Doce. No exercicio das funcións que lle atribúe este artigo, a Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda estará exenta da constitución da garantía á que se refire o punto 2 do artigo 20 da Lei 59/2003, de sinatura electrónica.»

Disposición adicional sexta. *Réxime xurídico do documento nacional de identidade electrónico.*

1. Sen prexuízo da aplicación da normativa vixente en materia do documento nacional de identidade en todo aquilo que se adecue ás súas características particulares, o documento nacional de identidade electrónico rexerá pola súa normativa específica.

2. O Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía poderase dirixir ó Ministerio do Interior para que por parte deste sexan adoptadas as medidas necesarias para aseguralo cumprimento das obrigas que lle incumban como prestador de servicios de certificación en relación co documento nacional de identidade electrónico.

Disposición adicional sétima. *Emisión de facturas por vía electrónica.*

O disposto nesta lei enténdese sen prexuízo das esixencias derivadas das normas tributarias en materia de emisión de facturas por vía electrónica.

Disposición adicional oitava. *Modificacións da Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servicios da sociedade da información e de comercio electrónico.*

Un. Adición dun novo punto 3 ó artigo 10 da Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servicios da sociedade da información e de comercio electrónico.

Engádesse un punto 3 co seguinte texto:

«3. Cando se atribúe un rango de numeración telefónica a servicios de tarificación adicional en que se permita o acceso a servicios da sociedade da información e se requira a súa utilización por parte do prestador de servicios, esta utilización e a descarga de programas informáticos que efectúen funcións de marcación deberanse realizar co consentimento previo, informado e expreso do usuario.

Para tal efecto, o prestador do servicio deberá proporcionar polo menos a seguinte información:

a) As características do servicio que se vai proporcionar.

b) As funcións que efectuarán os programas informáticos que se descarguen, incluíndo o número telefónico que se marcará.

c) O procedemento para dar fin á conexión de tarificación adicional, incluíndo unha explicación do momento concreto en que se producirá o dito fin, e

d) O procedemento necesario para restablece-lo número de conexión previo á conexión de tarificación adicional.

A información anterior deberá estar dispoñible de maneira claramente visible e identificable.

O disposto neste punto enténdese sen prexuízo do establecido na normativa de telecomunicacións, en especial, en relación cos requisitos aplicables para o acceso por parte dos usuarios ós rangos de numeración telefónica, se é o caso, atribuídos ós servicios de tarificación adicional.»

Dous. Os puntos 2, 3 e 4 do artigo 38 da Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servicios da sociedade da información e de comercio electrónico, redáctanse nos seguintes termos:

«2. Son infraccións moi graves:

a) O incumprimento das ordes dictadas en virtude do artigo 8 naqueles supostos en que fosen dictadas por un órgano administrativo.

b) O incumprimento da obriga de suspende-la transmisión, o aloxamento de datos, o acceso á rede ou a prestación de calquera outro servicio equivalente de intermediación, cando un órgano administrativo competente o ordene, en virtude do disposto no artigo 11.

c) O incumprimento significativo da obriga de rete-los datos de tráfico xerados polas comunicacións establecidas durante a prestación dun servicio da sociedade da información, prevista no artigo 12.

d) A utilización dos datos retidos, en cumprimento do artigo 12, para fins distintos dos sinalados nel.

3. Son infraccións graves:

a) O incumprimento da obriga de rete-los datos de tráfico xerados polas comunicacións establecidas durante a prestación dun servicio da sociedade da información, prevista no artigo 12, salvo que deba ser considerado como infracción moi grave.

b) O incumprimento significativo do establecido nas alíneas a) e f) do artigo 10.1.

c) O envío masivo de comunicacións comerciais por correo electrónico ou outro medio de comunicación electrónica equivalente ou o envío, no prazo dun ano, de máis de tres comunicacións comerciais polos medios aludidos a un mesmo destinatario, cando nos ditos envíos non se cumpran os requisitos establecidos no artigo 21.

d) O incumprimento significativo da obriga do prestador de servicios establecida no punto 1 do artigo 22, en relación cos procedementos para revoga-lo consentimento prestado polos destinatarios.

e) Non poñer á disposición do destinatario do servicio as condicións xerais a que, se é o caso, se suxeite o contrato, na forma prevista no artigo 27.

f) O incumprimento habitual da obriga de confirma-la recepción dunha aceptación, cando non se pactase a súa exclusión ou o contrato se celebre cun consumidor.

g) A resistencia, escusa ou negativa á actuación inspectora dos órganos facultados para levala a cabo conforme esta lei.

h) O incumprimento significativo do establecido no punto 3 do artigo 10.

i) O incumprimento significativo das obrigas de información ou de establecemento dun procedemento de rexeitamento do tratamento de datos, establecidas no punto 2 do artigo 22.

4. Son infraccións leves:

a) A falta de comunicación ó rexistro público en que estean inscritos, de acordo co establecido no artigo 9, do nome ou nomes de dominio ou enderezos da internet que empreguen para a prestación de servicios da sociedade da información.

b) Non informar na forma prescrita polo artigo 10.1 sobre os aspectos sinalados nas alíneas b), c), d), e) e g) deste, ou nas alíneas a) e f) cando non constituía infracción grave.

c) O incumprimento do previsto no artigo 20 para as comunicacións comerciais, ofertas promocionais e concursos.

d) O envío de comunicacións comerciais por correo electrónico ou outro medio de comunicación electrónica equivalente cando nos ditos envíos non se cumpran os requisitos establecidos no artigo 21 e non constituía infracción grave.

e) Non facilita-la información a que se refire o artigo 27.1, cando as partes non pactasen a súa exclusión ou o destinatario sexa un consumidor.

f) O incumprimento da obriga de confirma-la recepción dunha petición nos termos establecidos no artigo 28, cando non se pactase a súa exclusión ou o contrato se celebre cun consumidor, salvo que constituía infracción grave.

g) O incumprimento das obrigas de información ou de establecemento dun procedemento de rexeitamento do tratamento de datos, establecidas no punto 2 do artigo 22, cando non constituía unha infracción grave.

h) O incumprimento da obriga do prestador de servicios establecida no punto 1 do artigo 22, en relación cos procedementos para revoga-lo consentimento prestado polos destinatarios cando non constituía infracción grave.

i) O incumprimento do establecido no punto 3 do artigo 10, cando non constituía infracción grave.»

Tres. Modificación do artigo 43, punto 1, segundo parágrafo da Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servicios da sociedade da información e de comercio electrónico.

O segundo parágrafo do punto 1 do artigo 43 queda redactado como segue:

«Non obstante o anterior, a imposición de sancións por incumprimento das resolucións dictadas polos órganos competentes en función da materia ou entidade de que se trate a que se refiren as alíneas a) e b) do artigo 38.2 desta lei corresponderalle ó órgano que dictou a resolución incumprida. Igualmente, corresponderalle á Axencia de Protección de Datos a imposición de sancións pola comisión das infraccións tipificadas nos artigos 38.3 c), d) e i) e 38.4 d), g) e h) desta lei.»

Catro. Modificación do artigo 43, punto 2 da Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servicios da sociedade da información e de comercio electrónico.

O punto 2 do artigo 43 queda redactado como segue:

«2. A potestade sancionadora regulada nesta lei exercerase de conformidade co establecido ó respecto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e nas súas normas de desenvolvemento. Non obstante, o prazo máximo de duración do procedemento simplificado será de tres meses.»

Disposición adicional novena. *Garantía de accesibilidade para as persoas con discapacidade e da terceira idade.*

Os servicios, procesos, procedementos e dispositivos de sinatura electrónica deberán ser plenamente accesibles ás persoas con discapacidade e da terceira idade, as cales non poderán ser en ningún caso discriminadas no exercicio dos dereitos e facultades recoñecidos nesta lei por causas baseadas en razóns de discapacidade ou idade avanzada.

Disposición adicional décima. *Modificación da Lei de axuízamento civil.*

Engádeselle un punto tres ó artigo 326 da Lei de axuízamento civil co seguinte teor:

«Cando a parte a quen lle interese a eficacia dun documento electrónico o pida ou se impugne a súa autenticidade, procederase conforme o establecido no artigo 3 da Lei de sinatura electrónica.»

Disposición transitoria primeira. *Validez dos certificados electrónicos expedidos previamente á entrada en vigor desta lei.*

Os certificados electrónicos que fosen expedidos por prestadores de servicios de certificación no marco do Real decreto lei 14/1999, do 17 de setembro, sobre sinatura electrónica, manterán a súa validez.

Disposición transitoria segunda. *Prestadores de servicios de certificación establecidos en España antes da entrada en vigor desta lei.*

Os prestadores de servicios de certificación establecidos en España antes da entrada en vigor desta lei deberánlle comunicar ó Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía a súa actividade e as características dos servicios que presten no prazo dun mes desde a referida entrada en vigor. Esta información será obxecto de publicación no enderezo da internet do citado ministerio coa finalidade de outorgarlle a máxima difusión e coñecemento.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto lei 14/1999, do 17 de setembro, sobre sinatura electrónica e cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó disposto nesta lei.

Disposición derradeira primeira. *Fundamento constitucional.*

Esta lei dítase ó abeiro do artigo 149.1.8.^a, 18.^a, 21.^a e 29.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento regulamentario.*

1. O Goberno adaptará a regulación regulamentaria do documento nacional de identidade ás previsións desta lei.

2. Así mesmo, habilítase o Goberno para dictar as demais disposicións regulamentarias que sexan precisas para o desenvolvemento e aplicación desta lei.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor ós tres meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 19 de decembro de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

MINISTERIO DE FACENDA

23400 *CORRECCIÓN de erros do Real decreto 895/2003, do 11 de xullo, polo que se desenvolve a disposición adicional segunda da Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, sobre beneficios fiscais aplicables ó «Ano Santo Xacobeo 2004».* («BOE» 304, do 20-12-2003.)

Advertido erro no Real decreto 895/2003, do 11 de xullo, polo que se desenvolve a disposición adicional segunda da Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, sobre beneficios fiscais aplicables ó «Ano Santo Xacobeo 2004», publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 10, do 1 de agosto de 2003, e na súa corrección de erros publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 11, do 1 de setembro de 2003, procédese a efectuar a oportuna rectificación:

Na páxina 1991 do anexo, deben inserirse os seguintes termos municipais:

Comunidade Autónoma de Castilla y León.
Provincia de Burgos:

A continuación de «Redecilla del Camino», debe figurar «Redecilla del Campo».

Provincia de Palencia:

A continuación de «Población de Campos», debe figurar «Pozo de Urama» e a continuación de «Villalcázar de Sirga», deben inserirse «Villalcón» e «Villalumbroso».

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

23402 *REAL DECRETO 1698/2003, do 12 de decembro, polo que se establecen disposicións de aplicación dos regulamentos comunitarios sobre o sistema de etiquetaxe da carne de vacún.* («BOE» 304, do 20-12-2003.)

O vixente sistema comunitario de etiquetaxe da carne de vacún está constituído polo Regulamento (CE) n.º 1760/2000 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de xullo de 2000, que establece un sistema de identificación e rexistro dos animais da especie bovina e relativo á etiquetaxe da carne de vacún e dos produtos a base de carne de vacún e polo que se derroga o Regulamento (CE) n.º 820/97 do Consello, e polo Regulamento (CE) n.º 1825/2000 da Comisión, do 25 de agosto de 2000, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 1760/2000 do Parlamento Europeo e do Consello, no que respecta á etiquetaxe da carne de vacún e dos produtos a base de carne de vacún.

O primeiro regulamento citado derogou o Regulamento (CE) n.º 820/97 do Consello, do 21 de abril de 1997, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais da especie bovina e relativo á etiquetaxe da carne de vacún e dos produtos a base de carne de vacún, e o segundo ó Regulamento (CE) n.º 1141/97 da Comisión, do 23 de xuño de 1997, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 820/97 do Consello, no que concirne á etiquetaxe da carne de vacún e dos produtos a base de carne de vacún. Para a mellor comprensión e a aplicación en España destes dous últimos regulamentos, aprobouse o Real decreto 2071/1999, do 30 de decembro, polo que se establecen as normas internas de aplicación dos regulamentos comunitarios sobre o sistema de etiquetaxe da carne de vacún, que quedou, por tanto, obsoleto.

Este real decreto, que derroga o Real decreto 2071/1999, do 30 de decembro, establece disposicións de aplicación da normativa comunitaria vixente, sen prexuízo da directa aplicabilidade desta. O seu obxecto é conseguir a necesaria seguridade xurídica para os operadores comerciais e para tódolos cidadáns, así como unha maior claridade e comprensión da normativa vixente por parte dos interesados. En concreto, régulanse determinados aspectos da etiquetaxe obrigatoria e facultativa da carne de vacún, baseados algúns en interpretacións da Comisión Europea, incluída a de carne de reses de lida e a de carne de vacún picada. Co fin de evitar tanto a competencia desleal no sector como posibles confusións nos consumidores, establécense as categorías do animal ou dos animais de que procede a carne en función do sexo e da idade. Así mesmo, régulanse de forma detallada as obrigas dos operadores que son necesarias para garantir a trazabilidade da carne de vacún e dos produtos a base de carne de vacún. Outros aspectos que se regulan son o réxime de control, o rexistro de pregos de condicións, a colaboración entre administracións públicas e as consecuencias do incumprimento das súas obrigas polos interesados.

Todo o anterior non é óbice para a aplicación da normativa vixente, e en especial a referente ás condicións sanitarias, hixiénicas e veterinarias sobre a carne de vacún e a carne picada de vacún, así como as normas sobre as encefalopatías esponxiformes transmisibles (EET), como é o caso da prevista no anexo XI do Regulamento (CE) n.º 999/2001 do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de maio de 2001, en relación coa inclusión dunha banda azul na etiqueta dos canais procedentes de animais ós que non é necesario retirarlle a columna vertebral, así como as normas sobre etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios.